

DEREITO AO ACCESO Á INFORMACIÓN

SOLICITUDE

Presentación no Rexistro Xeral de escrito dirixido ao Presidente da Institución ou a través da Oficina de Transparencia na Deputación Provincial

Usando o buzón electrónico (<http://www.depourense.es/index.php/indicadores-de-transparencia-ga> Buzón electrónico)

De acordo coa Ordenanza de Transparencia Deputación de Ourense (27-06-2014)

Artigo 4. Dereitos das persoas.

- 1. No ámbito do establecido nesta Ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:*
 - a) A acceder á información suxeita a obrigas de publicidade de acordo co establecido nesta Ordenanza.*
 - b) A ser informados se os documentos que conteñen a información solicitada ou dos que pode derivar a dita información, obran ou non en poder do órgano ou entidade, e, no caso de que non obren no seu poder, a que se lles informe sobre a entidade á que poderán dirixirse na súa procura.*
 - c) A ser asistidas na súa busca de información.*
 - d) A recibir o asesoramento adecuado e en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.*
 - e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta Ordenanza.*
 - f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, no seu caso, nunha forma ou formato distinto ó elixido.*
 - g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do aboamento, no seu caso, das exaccións que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.*
- 2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos contemplados nesta Ordenanza, sen que caiba esixir para iso requisitos tales como a posesión dunha nacionalidade, cidadanía, veciñanza ou residencia determinada.*
- 3. A Deputación Provincial de Ourense e as demais entidades ás que se refire o artigo 2.1 da presente ordenanza non serán en ningún caso responsables do uso que calquera persoa realice da información pública.*

Artigo 5. Medios de acceso á información.

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza están obrigadas a habilitar diferentes medios para facilitar a información pública, de modo que resulte garantido o acceso a todas as persoas, con independencia da súa formación, recursos, circunstancias persoais ou condición ou situación social. En todo caso, darase preferencia ao emprego de medios electrónicos e telemáticos.

2. Para estes efectos, ofrecerase acceso á información pública a través dalgúns dos seguintes medios:

- a) Oficinas de información. (Oficina de Transparencia na Deputación Provincial)
- b) Páxinas web ou sedes electrónicas. (<http://www.depourense.es/index.php/indicadores-de-transparencia-ga> Buzón electrónico)
- c) Servizos de atención telefónica (988 317605)